

POLITICA DE CALIDADE

A NOSA MISIÓN

“Promover, coordinar, potenciar e orientar a acción caritativa e social da Igrexa Diocesana de Mondoñedo Ferrol. Unha acción en saída ao encontro das persoas máis pobres e excluídas, para abrir unha porta ao proceso de humanizar a súa vida, recoñecer a súa dignidade, garantir as súas necesidades básicas, tentando avanzar na xeración de vínculos grupais e comunitarios e promovendo o seu desenvolvemento integral e social como seres relacionais, intelectuais e espirituais, en proceso de facerse na sociedade e de facer unha sociedade de mutuo apoio e coidados” Nuestra visión (Los sueños puestos en acción).

OS NOSOS VALORES

CENTRALIDADE DA PERSOA: A persoa é o centro da nosa acción. Defendemos a súa dignidade, recoñecemos as súas capacidades, impulsamos as súas potencialidades e promovemos a súa integración e desenvolvemento.

XUSTIZA: Traballamos pola xustiza e a transformación das estruturas inxustas como esixencia do recoñecemento da dignidade da persoa e dos seus dereitos.

COMPARTIR:

- Os bens que son de todos, `para que cheguen de verdade a todos.
- A vida, o tempo que se nos deu a todos para usalo traballando polo ben común.
- O que somos, os nosos valores e aprendizaxes que nos foron dados para compartir.

CARIDADE: É amor recibido e ofrecido. É o fundamento da nosa identidade e servizo. É ofrecer do «meu» ao outro. Expresión auténtica de humanidade

SOLIDARIEDADE: Caracterízannos o noso sentimento de unión aos que sofren e a nosa convicción de igualdade e xustiza.

PARTICIPACIÓN: Somos unha organización aberta á participación dos nosos axentes e dos destinatarios da nosa acción social, que traballa en equipo favorecendo a integración dos que formamos Caritas.

AUSTERIDADE: Desde o noso estilo de vida poñemos a nosa vontade na utilización ética e coherente dos recursos.

ESPÍRITO DE MELLORA: Desenvolvemos a nosa actividade buscando permanentemente mellorar e aplicar ideas innovadoras, sempre en beneficio da persoa, a comunidade e a sociedade no seu conxunto.

TRANSPARENCIA: Compartimos unha cultura institucional baseada na ética e na apertura da información cara a todos os interesados no noso labor.

VERDADE. A procura da verdade sobre o home e o mundo á luz da fe, fundamento e sentido do noso actuar.

A NOSA VISIÓN

“Construír Igrexa coas comunidades cristiás, unha Igrexa, atenta ás realidades sociais, que promove o ben común e o vivir social de todas as persoas da familia humana, mediante relacións de gratuidade, de

misericordia e de comunión, que defende os dereitos das persoas e os pobos, alí, onde e cando se vulneren, mediante a participación social como elemento principal da centralidade da persoa, e como signo de esperanza na construción dunha soa familia humana e o coidado da creación”

Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol ten deseñado e implantado un sistema de xestión de calidade que pon no centro ás persoas e garantimos a todos os grupos de interese: persoas participantes, equipo profesional e voluntario, Cáritas parroquiais, provedores e aliados, administración e diócese:

- Un equipo profesional e voluntario capacitado e experimentado, co corazón posto no que fai.
- A realización de programas que identifican as necesidades da contorna e actúan para cubrilas de modo profesional e personalizado.
- Espazos adecuados para a prestación dos nosos servizos
- Unha adecuada xestión dos recursos que axudan a compensar os desequilibrios xerados pola desigualdade social.
- A alegría de traballar con e para as persoas.

En Ferrol a 19 de maio de 2021

Asinado

Directora CDMF